

Compostela, 10-XII-71

Benqueindo Luís:

Supoño que estaredes xa en B. Aires e que faredes felizmente o viaxe.

¿Sabes? O domingo apareceu na "Voz" o dibuxo que me fixeras. Foi unha sorpresa porque non sabía cando iba saír. A semblanza que lle escribiches produciume unha gran emoción, que aumentaba según iba avanzando na lectura. Sei da tua inmensa xenerosidade e contaba con ela, pero, neste caso, ademais da xenerosidade percíbese unha vontade consciente de valoración que só o agarimo amistoso pode explicar. Sinceramente cho digo: impresionoume moito.

Tamén che quero dicir que moitos amigos me levaron falado desa semblanza. Produciu sensación entre os amigos. Nestes días teño que gardar cama - desde a cama che escribo - por mor dunha vella doenza gástrica que estaba esquecida e déuselle por repetutear de supeto, e, con tal motivo, vinéronme ver moitos amigos. Todos, todos me falaban da tua semblanza. Algúns recortárona. Sin duda porque coinciden no agarimo amistoso, acollellos con sinceras loubanzas os teus xuízos.

Eu pouco che podo dicir. Somentes que me emocionéi moito. E que a conservaréi sempre como unha das mellores prezas de amizade que teño recibido.

Apertar nosas para os dous

Ramón